




MUSEO DO MAR DE GALICIA



MARXINAL

DOSSIER



MUSEO DO MAR DE GALICIA

Ficha técnica da exposición:

MARXINAL

Museo do Mar de Galicia, 13 de novembro 2008 -11 xaneiro 2009

ARTISTAS

Rebeca Ponte
César Lombera
Miguel Pereira
Nuria Guardiola

Idea orixinal:

Pablo Carrera López

Imaxe Corporativa:

DON, Gráfica Contemporánea

Deseño da Montaxe expositiva:

Producción e Xestión Cultural

Deseño do Catálogo:

DON, Gráfica Contemporánea

Coordinación do catálogo:

VAN Divulgación Cultural, S.L.

Fotografía:

Manuel G. Vicente.

© da edición: Museo do Mar de Galicia

FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA

Consellería de Cultura e Deporte
Consortio Zona Franca Vigo
Concello de Vigo



MUSEO DO MAR DE GALICIA

Sinopse:

MAR

Extensión de auga salgada.

MARXE

Beira, límite do mar coa costa.

MARXINAL

Secundario, que está separado do que é maioritario.

As propostas artísticas contemporáneas reflicten con intensidade os usos e abusos que o home está a facer nas costas. Puntos de reflexión e aviso sobre o consumismo, do éxito rápido, da visión a curto prazo, arrogante, desprezando o coñecemento adquirido en favor dun capitalismo cognitivo sen fronteiras que propón solucións globais e estandarizadas para aumentar o beneficio sen contar cos factores sociais ou medioambientais.

Non obstante, hai interaccións home-mar onde existe harmonía, unha simbiose que propicia paisaxes habitadas totalmente integradas, afastadas de intervencións agresivas. Un rico patrimonio tanxíbel e intanxíbel, apenas explorado e cunha pobre representación nas propostas artísticas contemporáneas.

O Museo do Mar de Galicia trae a escena a obra de catro artistas galegos que teñen como *leit-motiv* o patrimonio marítimo. Galicia, co seus 1000 km de costa, posúe espazos únicos que propician reflexións inéditas: o rostro a salvagardar do saber facer tradicional visto polos artistas contemporáneos.



MUSEO DO MAR DE GALICIA

Estrutura da exposición

A mostra está distribuída na nave de exposicións temporais do Museo, sendo concibida como un espazo aberto e único, onde cohabitan as obras dos catro artistas, se ben polas peculiaridades técnicas da obra, o Espellismo Mariño montouse nunha instalación específica.

Cada artista presenta obras que fan referencia ao mar baixo distintos prismas, de tal xeito que no seu conxunto a mostra adquire unha integridade temática onde o patrimonio marítimo costeiro de Galicia é explorado.

Nuria Guardiola

A súa obra mais característica se identifica polo uso de texturas e materiais procedentes de bens inmobles. Destaca unha serie de cadros baseados na fábrica Massó de Cangas, unha industria conserveira emblemática, co material recollido logo do peche da actividade da mesma. Unha materialización daquello que se esvaecía, o espírito da fábrica da que unicamente fica a súa maxestosa fachada, aguantando os embates de plans urbanísticos que non creen no valor patrimonial nin na evocación da memoria que para moita xente ten a contemplación do ben inmoble que inexorablemente garda no seu interior a pantasma dos mobles e do intanxible: as vivencias dos seus traballadores. Igualmente a súa serie de Faros reunida no Museo do Mar de Galicia nos achega as texturas e cores de faros galegos. Estes inmobles, da que Galicia ten a honra de ter en activo un da época romana, forneceron unha imaxe, unha identidade característica ás persoas que os mantiñan: os torreiros. Un oficio a piques de desaparecer por mor dos avances tecnolóxicos.

César Lombera

É coñecido pola súa obra pública, de intervención en espazos públicos e naturais. A clave da súa obra, certamente, haina que buscar no seu pasado. O coñecemento das técnicas de forxa, aprendidas na fundición que montaran os seus pais, xunto ca súa participación e creación de compañías de teatro e parateatro, mesmo producindo espectáculos, imprimen na súa obra unha identidade única, con insinuacións constantes a ese pasado, quer polos materiais utilizados, quer polas facianas das súas figuras. Para esta mostra César recupera parte dese mundo denominado superficies mariñas, onde nunha paisaxe ideada, danse cita atúns, golfiños e mesmo unha serea xunto cun mergullador e un neno. Unha visión caleidoscópica e evocativa dun mar que fornece lecer, lendas e recursos.

Miguel Pereira

Leva as salas de arte un elemento patrimonial clave e a súa vez diverso, que temos en Galicia: as embarcacións tradicionais. No panorama ibérico, Galicia acubilla un gran número de fasquías aínda en uso destinadas a aqueles oficios para as que foron concibidas. Construcións a calime ou a tope, fondos planos ou con quilla, popas de espello, de rabo de galo, de parrulo, velas místicas, de relinga, latinas, de martelo... unha diversidade acorde cos diferentes oficios e mares galegos. Sobre esta base patrimonial, Miguel aplica a concepción arquitectónica da deconstrución, amosando os elementos que integran unha embarcación, cunha especial atención aos cores. Hai ben pouco, nun congreso sobre patrimonio marítimo, se discutía sobre os cores das embarcacións, certamente chamativos nos países do sur, en relación aos que presentan as do norte de



MUSEO DO MAR DE GALICIA

Europa. Seica os colores aplicados a partir do século XX están máis relacionados ca mellora e rendemento das pinturas sintéticas, xa que logo, na altura, adoitábase a protexer as embarcacións con substancias naturais e breas, que lle conferían unha tonalidade escura. Resulta curioso como a coloración que amosan as embarcacións artesanais, onde predominan os tons vivos vermellos e azuis, está plenamente integrada no acervo patrimonial, maila que no mar de Arousa as dornas aínda conservan nos seus bancos os tons escuros doutrora.

Rebeca Ponte

achéganos unha proposta vangardista, unha instalación que paseniño vains mergullándonos nun mar propio, interno, que a autora quere que exploremos. Unha introdución labiríntica aos seus desexos, acompañado por imaxes tenues, evanescentes, pero que conforme nos introducimos nel perdemos a orientación, como vento que levou as estrelas do cartafol de Manuel Antonio, achéganos á matriz da instalación, o cerne da obra. A música de Remuíños do Sal, acompañanos neste tránsito polo espellismo do mar, onde a propia música, os cadros e a poesía nos permitirán reflexionar sobre o importante desta exposición, o patrimonio marítimo que está por explorar e descubrir. O rostro amable e necesariamente a salvagardar do saber facer dos nosos devanceiros. Unha necesidade para comprender mellor o medio ambiente que nos rodea e que permita as futuras xeracións a interpretación do mesmo a traveso das realizacións do home, a idea que a mostra Marxinal quere transmitir.